

Plan Continxencia Covid 19

Curso 2021-2022

CEIP de Maciñeira

ÍNDICE

1.- Contextualización

2.- Actuacións previas diante da aparición dun gromo.

3.- Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial

4.- Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial. Horarios por niveis en caso de confinamento.

5.- Plan específico de actuación para o desenvolvemento do ensino virtual garantindo a atención á diversidade.

1.- CONTEXTUALIZACIÓN:

Tal como se establece no apartado 10.5 referido a organización e documentos do centro establecido no protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022, o Plan de Continxencia do CEIP de Maciñeira ten por finalidade establecer os procesos para o inicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro. Trátase dun plan adaptable e modificable en función da situación epidemiolóxica.

Seguindo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Equipo Directivo coas aportacións do profesorado do centro.

2.- ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN GROMO:

- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

É compromiso individual e particular de toda a Comunidade Educativa do Ceip de Maciñeira a realización previa da autoequisa (Anexo Plan de Adaptación) antes de asistir ao centro educativo, así como de poñer en coñecemento do Equipo Covid do Centro. tal circunstancia.

- Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual (a antiga aula de música), colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. Seguindo o apartado do Plan de Adaptación do Ceip de Maciñeira que corresponde á Xestión de gromos.
- Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia (designado pola Consellería e recollido no Plan de Adaptación), ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro director que é a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática EduCovid a información prevista do eventual afectado/a, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como dos que sexan contacto mais próximos que estean vencellados ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información.
- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
- Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.
- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo . A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo. Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o gromo ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo
- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a

consideración de contacto próximo de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

3. ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL:

- O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
- O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
- Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
- Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas entre outras, as seguintes medidas:
 - a) Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia a través do correo electrónico, Abalar Móbil ou con videochamadas .
 - b) Actualizar a aula virtual dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

4. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL. HORARIOS EN CASO DE CONFINAMENTO.

Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o

momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

HORARIOS POR NIVEIS EN CASO DE CONFINAMENTO.

Educación Infantil (4º) Titora: Noa Pérez Saborido

Horas/Días	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:10/ 9:55	G	G	G	G	G
9:55/10:40	G	G	G	G	G
10:40/11:25	Rel/V	G	EF	Mús.	G
11:25 / 11:45	R	E	CR	E	O
11:45/12:05			MERENDA		
12:05/12:25*		HORA	DE	LER	
12:25/13:10	G	G	G	G	EF
13:10/14:00	G	Inglés	G	G	G

- Habilitarnase fórmulas de comunicación como foros ou videochamadas para manter contacto coas familias e, de ser posible, fornecer contidos educativos.
- O Departamento de Orientación atenderá as necesidades a través do correo: orientacionmacineira@gmail.com

Educación Infantil (5º) Titora: Laura Calaza González

Horas/Días	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:10/ 9:55	G	G	G	G	G
9:55/10:40	G	G	G	G	G
10:40/11:25	G	EF	G	G	Mús.
11:25 / 11:45	R	E	CR	E	O
11:45/12:05			MERENDA		
12:05/12:25*		HORA	DE	LER	
12:25/13:10	Inglés	G	Rel/V	EF	G.
13:10/14:00	G	G	G	G	G

- Habilitarnase fórmulas de comunicación como foros ou videochamadas para manter contacto coas familias e, de ser posible, fornecer contidos educativos.
- O Departamento de Orientación atenderá as necesidades a través do correo: orientacionmacineira@gmail.com
- Martes de 16:00h a 17:00h Titorías de pais/nais con Webex.

Educación Infantil (6º)**Titora: Lidia Paineiras Lamas**

Horas/Días	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:10/ 9:55	G	G	G	G	G
9:55/10:40	G	G	G	G	G
10:40/11:25	EF	Mús.	G	Inglés	Rel/V
11:25 / 11:45 *		HORA	DE	LER	
11:45/12:05			MERENDA		
12:05/12:25	R	E	CR	E	O
12:25/13:10	G	G	EF	G	G
13:10/14:00	G	G	G	G	G

- Habilitarnase fórmulas de comunicación como foros ou videochamadas para manter contacto coas familias e, de ser posible, fornecer contidos educativos
- O Departamento de Orientación atenderá as necesidades a través do correo: orientacionmacineira@gmail.com
- Martes de 16:00h a 17:00h Titorías de pais/nais con Webex.

1º curso de E. Primaria**Titora : Lucía Fernández Álvarez**

Horas/Días	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:10/ 9:55	LC	LC	Lc	Inglés	LC
9:55/10:40*	Matemáticass	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas
10:40/11:25	Música	Inglés	CCSS	CCSS	EF
11:25 / 11:45**		HORA	DE	LER	
11:45/12:05			MERENDA		
12:05/12:25	R	E	CR	E	O
12:25/13:10	Rel/Val	Plástica	LG	LG	LG
13:10/14:00	CCNN	LG	EF	CCNN	CCSS

- *Todos os días a segunda hora videoconferencia con Webex.
- Resto das sesións tarefas na Aula Virtual.
- O Departamento de Orientación atenderá as necesidades a través do correo: orientacionmacineira@gmail.com
- Martes de 16:00h a 17:00h Titorías de pais/nais con Webex.

2º curso de E. Primaria Titora : Carmen Colodrón Villar

Horas/Días	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:10/ 9:55	Mús.	EF	Rel/V	LC	Rel/V
9:55/10:40*	Matemáticas	LC	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas
10:40/11:25	LC	Matemáticas	LC	EF	Plást.
11:25 / 11:45	R	E	CR	E	O
11:45/12:05			MERENDA		
12:05/12:25**		HORA	DE	LER	
12:25/13:10	LG	Inglés	CCNN	Inglés	CCSS
13:10/14:00	CCNN	CCSS	LG	LG	LG

- *Todos os días a segunda hora videoconferencia con Webex.
- Resto das sesións tarefas na Aula Virtual.
- O Departamento de Orientación atenderá as necesidades a través do correo: orientacionmacineira@gmail.com
- Martes de 16:00h a 17:00h Titorías de pais/nais con Webex.

3º curso de E. Primaria

Titor: Mª del Pilar Becerra Merlán

Horas/Días	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:10/ 9:55	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Música	LC
9:55/10:40	LC	Inglés	Inglés	LC	Matemáticas
10:40/11:25	CCNN	LG	LC	LG	CCSS
11:25 / 11:45	R	E	CR	E	O
11:45/12:05			MERENDA		
12:05/12:25*		HORA	DE	LER	
12:25/13:10	LG	EF	LG	CCSS	Inglés
13:10/14:00	Rel/Val	CCNN	CCSS	EF	Plást.

- En todas as sesións os 30 primeiros minutos serán de docencia virtual con Webex e os 15 minutos restantes de tarefas (Aula Virtual).
- *Luns, mércores e venres na hora de ler videoconferencia titorial con Webex.
- Nas sesións de AL e PT, as mestras subirán tarefas á Aula Virtual de xeito individual e terán titorías personalizadas con Webex un día á semana.
- O Departamento de Orientación atenderá as necesidades a través do correo: orientacionmacineira@gmail.com
- Martes de 16:00h a 17:00h Titorías de pais/nais con Webex.

Horas/Días	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:10/ 9:55	Matemáticas	Inglés	Matemáticas	Matemáticas	EF
9:55/10:40	Rel/Val	Matemáticas	LG	Inglés	Matemáticas
10:40/11:25	LC	Música	Inglés	LG	LC
11:25 / 11:45**		HORA	DE	LER	
11:45/12:05			MERENDA		
12:05/12:25	R	E	CR	E	O
12:25/13:10	EF	LG	CCSS	CCNN	CCNN
13:10/14:00	LG	CCSS	LC	LC	Plást.

*Afondamento/Reforzo en Matemáticas

- En todas as sesións os 30 primeiros minutos serán de docencia virtual con Webex e os 15 minutos restantes de tarefas (Aula Virtual).
- **Luns, mércores e venres na hora de ler videoconferencia titorial con Webex.
- Nas sesións de AL e PT, as mestras subirán tarefas á Aula Virtual de xeito individual e terán titorías personalizadas con Webex un día á semana.
- O Departamento de Orientación atenderá as necesidades a través do correo: orientacionmacineira@gmail.com
- Martes de 16:00h a 17:00h Titorías de pais/nais con Webex.

Horas/Días	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:10/ 9:55	Matemáticas	Matemáticas	LG	Matemáticas	Inglés
9:55/10:40	Inglés	Música	Matemáticas	LC	LC
10:40/11:25	LC	Mús.LC	Rel/Val	Plást.	Matemáticas
11:25 / 11:45 *		HORA	DE	LER	
11:45/12:05			MERENDA		
12:05/12:25	R	E	CR	E	O
12:25/13:10	CCSS	LG	CCSS	LG	LG
13:10/14:00	EF	CCNN	Inglés	CCNN	EF

- En todas as sesións os 30 primeiros minutos serán de docencia virtual con Webex e os 15 minutos restantes de tarefas (Aula Virtual).
- *Luns, mércores e venres na hora de ler videoconferencia titorial con Webex.
- Nas sesións de PT, a mestra subirá tarefas á Aula Virtual de xeito individual e terá titorías personalizadas con Webex un día á semana.
- O Departamento de Orientación atenderá as necesidades a través do correo: orientacionmacineira@gmail.com
- Martes de 16:00h a 17:00h Titorías de pais/nais con Webex.

6º curso de E. Primaria

Titora: Felipe Vila Garrido

Horas/Días	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:10/ 9:55	Ingles	Mates	Inglés	EF	Matemáticas
9:55/10:40	EF	CCNN	Música	Mates	Inglés
10:40/11:25	Matemáticas.	Plástica	Matemáticas	CCNN	CCSS
11:25 / 11:45**		HORA	DE	LER	
11:45/12:05			MERENDA		
12:05/12:25	R	E	CR	E	O
12:25/13:10	CCSS	LG	CCSS	LC	LC
13:10/14:00	LG	LC*	Francés	LG.	Rel/Val

*Afondamento/Reforzo en Lingua Castelá

- En todas as sesión os 30 primeiros minutos serán de docencia virtual con Webex e os 15 minutos restantes de tarefas (Aula Virtual).
- **Luns, mércores e venres na hora de ler videoconferencia titorial con Webex
- Martes de 16:00h a 17:00h Titorías de pais/nais con Webex
- O Departamento de Orientación atenderá as necesidades a través do correo: orientacionmacineira@gmail.com

5.- PLAN ESPECÍFICO DE ACTUACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO ENSINO VIRTUAL GARANTINDO A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O Departamento de Orientación, seguindo as directrices da Resolución de 18 de febreiro de 2021, e coa finalidade de posibilitar a mellor resposta educativa ao alumnado vulnerable no caso de que a situación motivada pola COVID-19 requira pasar a un ensino nun contexto non presencial, establece a seguinte organización dos recursos humanos e materiais:

1º A Xefa do Departamento de Orientación:

- Seguirá a facer un seguimento de todo o alumnado con informe psicopedagóxico (co profesorado, alumnado e familias).
- Asesorará aos titores e equipos docentes, nos axustes e modificación que sexan precisos, derivados da situación de confinamento, no relativo aos contidos, á metodoloxía, actividades, avaliacións, reforzos, etc

- Fará un seguimento do alumnado, xunto cos equipos docentes, para evitar o risco de abandono ou desconexión temporal por mor do confinamento.
- Proporcionará asesoramento e apoio emocional ao alumnado.
- O horario de atención ás familias e alumnado será flexible, sempre que o precisen, a través de medios telemáticos ou telefónicos.

2º As mestras especialistas de PT e AL:

- Seguirán a desenvolver os programas individualizados de intervención con cada un dos seus alumnos. Realizaranse as adaptacións metodolóxicas, de actividades e recursos precisas segundo as necesidades e situacións de cada alumno/a. Proporcionarán as actividades semanais, para cada alumno, a través da Aula Virtual
- Os seus horarios de docencia serán os que correspondan a cada alumno/a, recollidos no Plan de Continxencia do centro, nos horarios espello.
- Proporcionarán apoio directo ao alumnado a través de medios telemáticos, telefónicos, etc... consensuados coas familias.
- A atención ás familias levarase a cabo nos horarios establecidos a tal fin, na PXA, a través de medios telemáticos ou telefónicos.

3º O alumnado que, polas súas circunstancias persoais, non dispoña dos recursos axeitados para desenvolver dun xeito eficaz, as súas aprendizaxes, nin poida manter unha comunicación fluída cos metres, proporcionaráselle aqueles recursos previa petición dos mesmos conforme ao procedemento establecido para a Xestión do Equipamento Dixital COVID-19.

4º No caso de que o alumnado estea sendo atendido polo persoal auxiliar coidador, éste establecerá un contacto directo coas familias para asesoralas nas pautas para o seu coidado, autonomía e benestar xeral.

5º Celebrarase unha reunión semanal entre o equipo docente e o DO para coordinar as actuacións, intercambiar información, realizar o seguemento do alumnado, tomar as decisións adecuadas en cada caso e axustar as medidas educativas. Nestas xuntanzas tamén se fomentarán mecanismos para mellorar o benestar emocional do alumnado e o DO asesorará ó profesorado no proceso avaliador do alumnado con NEAE. Por último, e se é necesario, elaboraranse estratexias para evitar a desconexión do alumnado vulnerable neste aspecto.

6º O profesorado das distintas áreas ou materias, así como as persoas titoras definirán as tarefas tendo en conta a diversidade do alumnado e fomentarán o contacto diario do alumnado vulnerable co grupo de iguais, de cara a favorecer o seu benestar psicosocial e emocional.